



A nosa Virxen do Carme
fixo unha casa na ría.

A nosa Virxen do Carme
fixo unha casa na ría.

Pa ver ás de Tenaísie
como fabrican sardiña.

Pa ver ás de Tenaísie
como fabrican sardiña.

Veña sardiña, veña cabala
veña tamén mexillón.

Despois de máis de dez horas
veña cargar camións.

Cando queres ir pá casa
co corpo coma fariña.

Cando queres ir pá casa
co corpo coma fariña.

Alá ven señor Ribeiro
aínda hai que aceitar sardiña.

Alá ven señor Ribeiro
aínda hai que aceitar sardiña.

Cala a boquiña, anda lixeiriña
non esteas a protestar.

Que como abras a boquiña
mañán non ves traballar.